

Convocatoria interna de financiamento basal de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores/as individuais da UDC 2025

Preámbulo

O financiamento dos grupos

A investigación é unha das tarefas fundamentais que realizan o persoal docente e investigador (PDI) e o persoal investigador da universidade, como exercicio propio das súas funcións e como vía de promoción e mellora da súa carreira profesional. Así mesmo, forma parte do compromiso que a universidade adquire coa sociedade en canto a xerar e retornar valor.

Para o seu desempeño, a investigación require de incentivos e apoios económicos a que se pode acceder por varias vías e que proceden de diversas fontes. Tradicionalmente, o financiamento de proxectos é o medio principal de acceso a estes recursos, aínda que, cada vez con maior frecuencia, apareceron outros instrumentos de financiamento basal ou estrutural da actividade investigadora.

Así, o financiamento vinculado a proxectos é aquel en que unha entidade financia un proxecto de I+D+i ben mediante unha convocatoria pública, ben mediante un contrato, un convenio ou unha figura xurídica equivalente. O PDI e o persoal investigador poden optar a este tipo de recursos en convocatorias periódicas (como os proxectos estatais ou europeos) ou en virtude do labor de colaboración entre a universidade e as diferentes institucións e empresas que poidan estar interesadas nunha determinada investigación ou en certo desenvolvemento.

Doutra banda, o financiamento basal é aquel que non se vincula a un proxecto, que serve para o mantemento mínimo dun grupo ou para asumir os mínimos gastos que require cubrir unha persoa investigadora para desempeñar a súa actividade. A investigación basal non é suficiente para manter a actividade dun grupo. Os grupos e o persoal investigador individual deben solicitar proxectos e relacionarse coa sociedade para lograr formalizar contratos e convenios, con vistas a manter un ritmo de traballo de investigación razoablemente financiado.

Desde hai anos, a Xunta de Galicia promove o financiamento basal de grupos e centros de investigación mediante axudas de concorrencia competitiva, unha vez son superados certos criterios de tamaño e produción científica. Unha parte substantiva do PDI e o persoal investigador activo na Universidade da Coruña (UDC) recibe este tipo de financiamento, ben por estaren adscritos a un centro financiado, ben por formaren parte dun grupo, ben por ambos os conceptos, xa que son compatibles. Este financiamento basal está suxeito ao cumprimento duns fitos, polo que os grupos e os centros se someten periodicamente a procesos de avaliación.

No caso dos grupos de investigación, a Xunta achega unha cantidade relevante a aqueles que recoñece. Existen dúas tipoloxías de grupos financiados pola Xunta: dun lado, os grupos de referencia competitiva (GRC), con varias categorías; e, do outro, os grupos con potencial de crecemento (GPC).

Na seguinte táboa móstranse os grupos da UDC con financiamento activo da Xunta de Galicia no ano 2024, no marco do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, ademais dos grupos que carecen del.

	GRC	GPC	Sen financiamento
N.º de grupos	28	24	69 grupos e unidades 38 investigadores/as individuais
N.º de doutores/as	409	223	439
Financiamento da Xunta (axuda total)	2 010 000 €	775 000 €	0,00 €

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	1/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Como pode verse, na UDC hai moitos grupos que actualmente non reciben apoio basal da Xunta de Galicia, ao non estar recoñecidos como GRC ou GPC, e que deberían tratar de optar a este financiamento.

Ademais de constituír unha fonte directa de recursos para as e os integrantes dos grupos, o feito de contar con grupos recoñecidos é un indicador que inflúe no plan de financiamento das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (SUG). O número de grupos de investigación con axudas viventes supón o 10 % do peso total do sistema de indicadores con que se avalían as universidades do SUG, o que implica unha achega competitiva da orde de 1,4 M€ para a UDC, que se pode incrementar se o número de grupos financiados pola Xunta aumenta.

A UDC contribuíu ao financiamento basal do seu PDI e persoal investigador dun modo modesto a través de dous instrumentos principais: en primeiro lugar, o diñeiro aportado directamente aos grupos a través da convocatoria de “Financiamento do Catálogo de Investigación”; e, en segundo lugar, aqueloutro procedente da convocatoria de “Axudas á investigación da UDC”, que sufraga a organización de congresos, estadias etc.

As cantidades achegadas pola UDC para o financiamento directo dos grupos, da orde de 0,5 M€, son moi inferiores ás que os grupos obteñen da Xunta, pero resultan indubidablemente útiles, porque o seu uso e a súa xestión son máis versátiles que os doutro tipo de financiamientos externos (como o da Xunta de Galicia) que deben ser xustificadas e en que non todos os custos son elixibles.

Arestora adicionalmente, por requirimento do plan de financiamento do SUG, a UDC ha de achegarles aos centros de seu que pertencen á Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS), isto é, ao Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) e ao Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA), unha cantidade relevante de fondos propios, con base no convenio asinado coa Xunta de Galicia, que obriga a derivar anualmente a cada centro unha cantidade fixa da orde de 50 000 €/ano, ademais do 25 % dos custos indirectos xerados nas actividades do centro. Estas cantidades e porcentaxes elévanse progresivamente cada ano, de acordo co convenio. Así mesmo, cada un dos centros CIGUS da UDC recibe da Xunta a orde de 500 000 €/ano segundo o resultado das súas avaliacións.

Esta achega da UDC aos seus centros CIGUS repercute no mellor funcionamento do grupos cuxo persoal investigador traballa neles, representando un terzo do PDI e o persoal investigador doutor do conxunto da nosa universidade.

Os centros colaborativos da UDC, é dicir, o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) e o Centro de Investigación Interuniversitario Economics and Business Administration for Society (ECOBAS) reciben da Xunta unha cantidade moi inferior (entre 100 000-200 000 €/ano). Por outra banda, a UDC non lles fornece as achegas adicionais fixas nin as vinculadas a custos indirectos.

A avaliación dos grupos

Tanto o instrumento de financiamento autonómico como o da UDC están suxeitos na actualidade a unha avaliación externa. Así as cousas, o PDI e o persoal investigador teñen que presentarse ás dúas valoracións, co traballo e a carga de xestión administrativa, amais do custo, que iso supón.

Por esta razón, as avaliacións da UDC, que hai unha década eran moi extensas e avaliaban a cada persoa para fomentar o seu progreso, fóronse alixeirando, e nas súas últimas convocatorias o peso da avaliación no financiamento, e a intensidade desta, converten á avaliación interna máis nun proceso de trámite que nunha ferramenta de fomento da investigación.

Ao chegarmos a este punto, a avaliación uniforme da UDC a todos os grupos non ten sentido e é necesario introducir novos conceptos para avaliar o desempeño da actividade dos mesmos.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo		Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións			Páxina	2/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Reorientación da política de financiamento dos grupos de investigación por parte da UDC

O feito de que para un centro ou un grupo financiado pola Xunta a achega basal da UDC sexa pouco relevante, mentres que para áreas non cubertas pola Xunta esta sexa a única fonte de financiamento basal, implica que os recursos da UDC non teñen un impacto homoxéneo, aínda que si se reparten dun modo máis ou menos homoxéneo. É importante promovermos unha forma de repartición que optimice o seu impacto e que consiga o fin de fomentar a investigación, amais de obter unha retorna do investimento realizado.

Os recursos da UDC son limitados e é importante orientalos á consecución de fins. Aqueles recursos propios destinados ao financiamento basal da investigación deben promover a investigación do PDI e o persoal investigador, sobre todo no relativo ao que as axudas da Xunta de Galicia non cobren. De igual maneira, os fondos para promover a investigación só deben poder ser empregados por persoas que se dediquen activamente á investigación.

Os grupos financiados pola Xunta de Galicia deben manter un certo financiamento por parte da UDC para poder asumir os gastos non elixibles no marco das axudas autonómicas de que gozan, polo que esta convocatoria non ten limitacións na elixibilidade do gasto.

Os grupos non financiados pola Xunta de Galicia deben recibir da UDC un financiamento orientado, co obxectivo de incrementar o número de grupos con apoio da Administración autonómica, o que pode multiplicar o financiamento basal dos grupos e da UDC. A conformación de grupos financiados pola Xunta debería ser unha prioridade para o PDI e o persoal investigador que non estean cubertos polo financiamento autonómico.

O obxectivo último é logramos que a Xunta achegue financiamento basal a todos os grupos de investigación da UDC. É un obxectivo dificilmente alcanzable, pero a política de recursos propios dirixirase a favorecelo e impulsalo.

Por todo o exposto, a UDC reorganizará o seu financiamento basal tendo en conta se os grupos están xa financiados pola Xunta de Galicia. Así, alixerará a carga burocrática e tenderá a eliminar a avaliación dos grupos financiados, ao tempo que centrará os seus esforzos e intensificará o uso dos seus recursos económicos, de formación e de avaliación nos grupos non financiados.

Así mesmo, a UDC potenciará a agregación de capacidades e a mellora do enfoque estratéxico tanto daqueles grupos financiados pola Xunta de Galicia como, sobre todo, dos que non o están, co fin de que poidan mellorar o seu desempeño e elevar o seu nivel de recoñecemento e financiamento, ou ben de que poidan tentar alcanzar o dito recoñecemento no caso de que non o teñan.

Esta acción enmarcarase nun novo programa de potenciación de grupos, denominado Programa AGRUPA, en que se combinarán as accións de soporte e os recursos económicos que se presentan como anexo desta convocatoria, sen prexuízo de posteriores melloras e desenvolvementos.

Todas estas consideracións fundamentan os principios sobre os que se sustenta a convocatoria de financiamento interno basal de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores/as individuais da UDC para o ano 2025. Cómpre entendela como unha convocatoria de transición entre a anterior fórmula de financiamento, vixente desde 2022, e o novo programa de fortalecemento dos grupos de investigación que debe estar plenamente operativo no ano 2026. Nas próximas convocatorias non se someterá aos posibles beneficiarios á avaliación externa da AEI, que será substituída por modelos de avaliación baseados nos fitos acadados (no caso dos grupo GRC e GPC) ou ben polo seguimento do itinerario de mellora proposta no programa AGRUPA.

Artigo 1. Obxecto

Esta convocatoria establece as condicións para o acceso ás axudas de financiamento interno basal de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores/as individuais da UDC en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	3/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Artigo 2. Beneficiarios/as

A esta convocatoria de axudas poderán presentarse todos os grupos, unidades e investigadores/as individuais inscritos/as no Catálogo de Investigación da UDC, de acordo con estas modalidades:

Modalidade A: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC e que contase cunha axuda na categoría de grupos de referencia competitiva (GRC) do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2021, 2022, 2023 ou 2024.
Modalidade B: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC e que contase cunha axuda na categoría de grupos con potencial de crecemento (GPC) do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2022, 2023 ou 2024.
Modalidade C: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que non estea incluído nas modalidades A e B.
Modalidade D: unidades de investigación e persoal investigador individual rexistrados como tales no Catálogo da UDC.

Artigo 3. Requisitos

1. Os grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual que desexen acceder aos recursos internos de financiamento basal da UDC estarán integrados por persoal investigador activo para os efectos desta convocatoria.

É posible que un membro do PDI oriente a súa traxectoria profesional á docencia, á xestión ou a outras tarefas, e, por tanto, que non dedique un esforzo substantivo á investigación. Este tipo de PDI, cuxa achega á UDC non se cuestiona en absoluto, non se considera persoal investigador activo para os efectos desta convocatoria e non pode acceder a estas axudas.

Xúlgase que o PDI doutor a tempo completo e que o persoal investigador doutor a tempo completo, cuxo contrato derive de convocatorias competitivas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, axudas posdoutorais da Xunta, Beatriz Galindo ou similares), poden alcanzar a condición de persoal investigador activo.

En casos excepcionais, o PDI doutor a tempo parcial, así como aquel coa condición de emérito ou honorario, poderá ser tamén declarado persoal investigador activo. Isto acontecerá logo de xustificación, por exemplo, se lidera un proxecto de investigación ou se acredita un importante labor investigador. Decidirao a Comisión de Investigación.

O persoal investigador activo debe cumprir uns requisitos mínimos de produción científica, que están definidos no anexo III, para ser considerado como tal no que respecta a esta convocatoria, de acordo cos criterios fixados pola Comisión de Investigación.

Será quen coordina o grupo ou a unidade de investigación, ou o/a investigador/a individual, de ser o caso, quen indique cal é o persoal investigador en activo que forma tal grupo ou unidade, mediante unha declaración responsable (anexo II).

Os módulos de financiamento terán en conta o número de membros do persoal investigador activo.

2. Os grupos, as unidades e o persoal investigador individual deberán estar inscritos no Catálogo de Investigación antes da data en que se publique esta convocatoria.

3. En todas as modalidades, no caso de que un grupo ou unha unidade sexan de nova creación, ou ben fosen reformulados durante o período trianual 2022-2024, só se lles aplicará o financiamento correspondente aos módulos 1 e 2 do artigo 5.

4. Só poderán acceder ao módulo 3 os grupos, as unidades e o persoal investigador individual que participasen na última avaliación da Axencia Estatal de Investigación (AEI) promovida pola UDC.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	4/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Artigo 4. Formalización e presentación de solicitudes

1. As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (VIT), presentaranse a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>).

A solicitude realizaraa quen coordine o grupo ou a unidade de investigación, ou ben o/a investigador/a individual, de ser o caso. Para iso cubrirá e asinará electronicamente o formulario (anexo I) e a declaración responsable respecto do persoal investigador activo que compón o grupo ou a unidade de investigación, ou ben respecto de se tratar dun investigador ou dunha investigadora individual (anexo II).

2. O prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria de 2025 estará aberto desde o día 25/02/2025 ata as 23:59 h do 24/03/2025. As solicitudes presentaranse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

3. Os anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no TEO da UDC e na páxina web da VIT.

4. Recibidas as solicitudes, a VIT revisaraas para determinar a composición completa do persoal investigador activo que integra cada grupo ou unidade.

5. No prazo máximo de 20 días hábiles a partir do 25/03/2025, o Servizo de Investigación publicará no TEO a listaxe dos grupos e unidades, e investigadores/as individuais, que teñan completa a documentación. Así mesmo, abrirá un prazo de 10 días hábiles para que se poidan emendar os erros que haxa nas solicitudes e/ou completar a documentación que se entregou.

6. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, a VIT ditará unha resolución pola cal se aproben as listaxes definitivas das solicitudes admitidas e excluídas, que se publicará no TEO.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O devandito mes comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no TEO.

7. Os grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual que non formalicen esta solicitude renuncian a calquera financiamento da UDC para a actividade investigadora que realicen na anualidade de 2025.

8. Non axustarse aos termos da convocatoria; o incumprimento dos requisitos establecidos nela; a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada serán causa de desestimación da solicitude que se presente, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

Artigo 5. Avaliación e criterios de repartición

A axuda componse destes tres módulos:

1. Módulo 1 (fixo). Cada un dos grupos que accedan á convocatoria, en cumprindo os requisitos, recibirá unha cantidade fixa de acordo coa seguinte táboa:

Modalidade A: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que contase cunha axuda na categoría de grupos de referencia competitiva (GRC) do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2021, 2022, 2023 ou 2024.	1250 €
Modalidade B: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que contase cunha axuda na categoría de grupos con potencial de crecemento (GPC) do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias dos anos 2022, 2023 ou 2024.	750 €

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	5/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Modalidade C: grupo de investigación rexistrado como tal no Catálogo da UDC que non estea incluído nas modalidades A e B.	400 €
---	-------

Unha vez outorgadas as cantidades do módulo 1, a Comisión de Selección dividirá o crédito restante en dous módulos:

2. Módulo 2 (estrutural): 40 % do crédito restante.
3. Módulo 3 (variable): 60 % do crédito restante.

No tocante aos módulos 2 e 3, para outorgar a axuda da UDC en cada modalidade tomaranse como referencia os criterios fixados na Orde de bases de 2022, onde xa se distinguía entre unha parte estrutural do 40 % (módulo 2) e unha parte variable correspondente ao 60 % (módulo 3), para a que se tomará como base a avaliación externa realizada pola AEI no ano 2022.

Para outorgar a axuda da parte estrutural (módulo 2), considerarase o número total de persoas investigadoras activas que concorren á convocatoria. O importe asignado a este módulo dividirase entre este número para obter o valor de referencia. Tal valor de referencia asignaráselle a cada grupo ou unidade segundo o número de persoas investigadoras activas. No caso do persoal investigador individual aplicarase o valor unitario de referencia.

Para o cálculo da parte variable (módulo 3), teranse en conta os puntos recibidos na avaliación feita pola AEI na convocatoria de avaliación do 2022. Da división do 60 % do orzamento de cada modalidade entre a suma dos puntos totais de todos os avaliados, obtense o valor de financiamento por punto. No caso de grupos e unidades, os puntos obtidos multiplicaranse polo número de persoas investigadoras activas con vinculación á UDC que os integran, e considerarase o resultado como os puntos totais obtidos. No caso dos/as investigadores/as individuais, aplicarase o valor unitario de financiamento do punto.

En todos os casos, para coñecer o número de persoas investigadoras activas, só se terán en conta aquelas incluídas no anexo II no que a persoa coordinadora do grupo/unidade, mediante declaración responsable, indicará que persoas membros do seu grupo/unidade compren cos criterios para ser consideradas persoal investigador en activo.

No caso dos grupos de investigación, as unidades de investigación e os/as investigadores/as individuais que se conformaron ou integraron despois desta avaliación á UDC só se poderá optar á parte estrutural (40 %) da axuda, unha vez que se comprometan a asumir as obrigacións do Programa AGRUPA.

Aqueles grupos neste suposto que obtivesen a cualificación de GRC ou GPC no período accederán á parte variable entregando para o cálculo o valor medio de financiamento do punto.

Artigo 6. Resolución

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle á VIT. A Comisión de Investigación será o órgano colexiado que se encargue de elaborar o informe que conterà a proposta de concesión das axudas para o órgano instrutor. A VIT publicará daquela a resolución provisional coa listaxe das solicitudes seleccionadas e o importe da axuda que se concede.

Contra a devandita resolución provisional, as persoas interesadas poderán formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días hábiles desde a data da súa publicación. Unha vez transcorrido ese prazo e analizadas, se fose o caso, as alegacións pola VIT, a resolución definitiva publicarase dentro dun novo prazo de 10 días hábiles.

Contra a resolución definitiva as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC no prazo dun mes, conforme o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O devandito mes comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no TEO.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	6/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Artigo 7. Libramento da axuda

O libramento dos fondos para cada grupo de investigación, unidade de investigación e investigador/a individual farase á súa correspondente partida orzamentaria.

No caso dos grupos ou unidades de investigación, a persoa que os coordine determinará a maneira en que os seus membros accederán aos recursos. O persoal investigador, técnico ou de xestión contratado con cargo a proxectos poderá acceder a eles a través da tutela das investigadoras e dos investigadores responsables dos proxectos. O persoal investigador en formación poderá acceder a eles a través de quen dirixa a súa actividade investigadora.

As cantidades percibidas nesta convocatoria poderanse incorporar ao exercicio económico seguinte unha soa vez.

Artigo 8. Soporte e asesoramento técnico

No caso das axudas a grupos coa categoría de GRC ou GPC, a UDC, a través da Oficina de Coordinación de Centros e Unidades de I+D+i (REDCIDi), fará un seguimento dos logros que se alcancen grazas ao financiamento proporcionado. Prestarase apoio naqueles procesos de renovación da axuda ou nas reformulacións que sexan precisas para subir de categoría e limiares de financiamento.

No caso dos grupos que non dispoñan dunha axuda da categoría de GRC ou GPC, a través da REDCIDi desenvolverase unha actividade conducente a que estes grupos e agrupacións poidan obter a acreditación da Xunta de Galicia. Esta actividade incluírá accións de formación e apoio á redacción das solicitudes, amais de accións de promoción da agrupación de persoas en unidades competitivas.

No caso das unidades de investigación e do persoal investigador individual, a REDCIDi poderá propoñer, de acordo coas persoas interesadas, ben a súa incorporación a un grupo de investigación xa existente, ben a súa fusión en novos grupos de investigación, para maximizar os recursos económicos e mellorar o seu desempeño.

Todas estas accións enmárcanse nun programa de reforzo da actividade das unidades investigadoras da UDC, denominado Programa AGRUPA, cuxos principios reitores se publican como anexo IV desta convocatoria. A VIT poderá ditar as instrucións oportunas para o mellor desenvolvemento do devandito programa.

Artigo 9. Control

A VIT poderá levar a cabo as actividades que considere oportunas para o seguimento do cumprimento das obrigas derivadas da axuda e do Programa AGRUPA, descrito no anexo IV.

A inclusión dos grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual no Programa AGRUPA formalizarase logo da revisión do persoal investigador activo, co fin de realizar un correcto seguimento da súa evolución. No caso de que exista algunha variación estrutural ou na composición do grupo ou a unidade durante a vixencia da axuda, a persoa coordinadora ou, de ser o caso, o/a investigador/a individual deberá comunicar tales modificacións ao Catálogo de Investigación da UDC, que, á súa vez, llas notificará á REDCIDi.

Periodicamente, realizaranse reunións de seguimento do itinerario de mellora, onde se establecerán os obxectivos para alcanzar e as posibles desviacións que poida ter tras a súa implantación.

Así mesmo, anualmente as persoas coordinadoras dos grupos, unidades e os/as investigadores/as individuais que reciban financiamento basal interno elaborarán un breve informe sobre o uso dos recursos obtidos e o impacto xerado con eles que deberán de reportar a REDCIDi, así como cumprimentar un cadro de indicadores relativos á produción científica, a innovación e a transferencia do coñecemento que levasen a cabo.

A análise do informe anual poderá ocasionar un cambio de orientación na asignación dos recursos técnicos e económicos que se poña á súa disposición nos anos sucesivos.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	7/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Artigo 10. Dotación orzamentaria

O orzamento destas axudas é dun total de 480 000 € e imputarase á partida 050A 541A 649.10, dotada adecuadamente para este fin nos orzamentos da UDC para o ano 2025.

Esta cantidade global poderá verse suxeita a reducións orzamentarias. As cantidades modificaranse de modo uniforme de acordo coa porcentaxe da mingua que se determine.

Artigo 11. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica que se aceptan as súas bases, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer un recurso de alzada ante o reitor da UDC, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O devandito mes comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

Así mesmo, a participación nesta convocatoria implica asumir os principios do Programa AGRUPA, o que posibilitará beneficiarse das súas accións. Todo o persoal investigador beneficiario queda obrigado a cumprir cos requisitos deste programa.

Disposición final

Esta convocatoria derroga as bases para o financiamento interno e a convocatoria de 2022 de avaliación plurianual para os grupos de investigación, as unidades de investigación e os/as investigadores/as individuais do Catálogo de Investigación da UDC (aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión do 20/12/2022).

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	8/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I. Formulario de solicitude

COORDINADOR/A DO GRUPO/A UNIDADE (IP) OU INVESTIGADOR/A INDIVIDUAL			
Apelidos e nome			
Departamento			
Centro/instituto			
GRUPO OU UNIDADE DE INVESTIGACIÓN			
Modalidade A <input type="checkbox"/>	Modalidade B <input type="checkbox"/>	Modalidade C <input type="checkbox"/>	Modalidade D <input type="checkbox"/>
Nome e acrónimo			
Páxina web		N.º de persoal investigador activo	
RAMA DE COÑECEMENTO			
<input type="checkbox"/> Artes e Humanidades	<input type="checkbox"/> Ciencias da Saúde	<input type="checkbox"/> Enxeñaría e Arquitectura	
<input type="checkbox"/> Ciencias	<input type="checkbox"/> Ciencias Sociais e Xurídicas		
ÁREA DE COÑECEMENTO			
<input type="checkbox"/> Agricultura (AGR)	<input type="checkbox"/> Enxeñaría Eléctrica, Electrónica e Automática (IEL)		
<input type="checkbox"/> Bioloxía Fundamental e de Sistemas (BFS)	<input type="checkbox"/> Enxeñaría Mecánica, Naval e Aeronáutica (IME)		
<input type="checkbox"/> Bioloxía Vexetal, Animal e Ecoloxía (BVAE)	<input type="checkbox"/> Filoloxía e Filosofía (FFI)		
<input type="checkbox"/> Biomedicina (BMED)	<input type="checkbox"/> Física e Ciencias do Espazo (FI)		
<input type="checkbox"/> Ciencia e Tecnoloxía de Materiais (CTM)	<input type="checkbox"/> Gandarías e Pesca (GAN)		
<input type="checkbox"/> Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (TA)	<input type="checkbox"/> Historia e Arte (HA)		
<input type="checkbox"/> Ciencias da Computación e Tecnoloxía Informática (INF)	<input type="checkbox"/> Matemáticas (MTM)		
<input type="checkbox"/> Ciencias da Educación (EDUC)	<input type="checkbox"/> Medicina Clínica e Epidemioloxía (MCLI)		
<input type="checkbox"/> Ciencias da Terra (CT)	<input type="checkbox"/> Psicoloxía (PS)		
<input type="checkbox"/> Ciencias Sociais (CS)	<input type="checkbox"/> Química (QMC)		
<input type="checkbox"/> Dereito (DER)	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Electrónica e das Comunicacións (COM)		
<input type="checkbox"/> Economía (ECO)	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Química (TQ)		
<input type="checkbox"/> Enxeñaría Civil e Arquitectura (ICI)	<input type="checkbox"/> Transferencia de Tecnoloxía (IND)		
<input type="checkbox"/> Outros: Prema aquí para describir a área de coñecemento.			
De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei			

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Páxina
Observacións		9/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

As finalidades do tratamento destes datos persoais son a xestión das axudas que se indican na convocatoria, a prestación do servizo de asesoramento e fins estatísticos. Todas as persoas que teñan acceso a tales datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, de acordo co contrato ou convenio que asinen coa UDC, sexan designadas como encargadas do tratamento de datos persoais para prestar servizos de consultoría se así se precisase. Estas persoas externas á UDC só poderán recibir e utilizar os seus datos cos propósitos específicos para cumprir os cales se escollan, e terán a condición de encargadas do tratamento dos datos persoais.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da convocatoria dentro do Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A devandita resolución permanecerá publicada no TEO durante o prazo dun ano.

Os datos persoais que se recollan trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coas finalidades indicadas na convocatoria. Unha vez que remate a relación de prestación do servizo, serán bloqueados e permanecerán almacenados na unidade dixital pertencente á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, sen prexuízo da posibilidade de exercer en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coas finalidades da convocatoria. Terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto ao cal que se lle xuntará unha fotocopia do DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos da UDC, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	10/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II. Declaración responsable da persoa coordinadora do grupo/a unidade de investigación ou o/a investigador/a individual

D./D.ª Prema aquí para escribir texto.

DNI Prema aquí para escribir texto.

Actúo en representación Elix a unha das opcións.

Nome do grupo ou da unidade de investigación Prema aquí para escribir texto.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Que teño interese en concorrer á convocatoria interna de financiamento basal de grupos de investigación, unidades de investigación e investigadores/as individuais creada pola Universidade da Coruña.
2. Que acepto participar no Programa AGRUPA coas obrigas e os beneficios reflectidos na orde de bases da súa convocatoria.
3. Segundo o caso: (a) que o grupo ou a unidade de investigación que represento figura no Catálogo de Investigación da UDC con data anterior á publicación desta convocatoria ; (b) que son persoal investigador individual rexistrado no Catálogo de Investigación da UDC con data anterior á publicación desta convocatoria .
4. Segundo o caso: (a) que o grupo ou a unidade de investigación que represento conta co persoal investigador activo cuxos datos se recollen a seguir ; (b) que son persoal investigador individual activo cos datos que se consignan a seguir .

PERSONAL INVESTIGADOR ACTIVO QUE CONCORRE Á CONVOCATORIA				
Engadir á táboa as filas que precise ata completar o equipo.				
N.º de membros doutores declarados en 2022	Xénero			N.º de persoal investigador activo na actualidade
Nome e apelidos	Home	Muller	NB	Categoría profesional (Por exemplo: catedrático/a de universidade, profesor/a titular etc.)
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

En A Coruña/Ferrol, de do 2025

Asdo.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	11/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo III. Criterios do persoal investigador activo

Para gozar da consideración de persoal investigador activo, débese cumprir polo menos unha das seguintes condicións:

- A. Posuír, polo menos, un sexenio de investigación activo.
- B. Acreditar a autoría ou coautoría de polo menos tres publicacións en revistas incluídas no Journal Citation Reports (JCR) ou no SCIMAGO nos últimos seis anos. Naquelas áreas en que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos. Determinados congresos sectoriais de relevancia para o ámbito de coñecemento poderían terse en conta pola autorización previa da Comisión de Investigación.
- C. Ser membro do equipo de investigación dun proxecto vixente financiado mediante convocatorias públicas estatais ou europeas.
- D. Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente ou licenza de software en explotación, que xerase para a UDC máis de 5000 € en regalías ou que acredite, no caso dun software de uso gratuíto, máis de 1000 persoas usuarias.
- E. Dirixir nos últimos seis anos, coa cualificación de sobresaliente *cum laude* ou apto *cum laude*, ou cualificación equivalente noutros países, unha tese de doutoramento que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas indexadas no JCR ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da CNEAI.
- F. Conseguir o título de doutor/a nos últimos dous anos.

Código Seguro De Verificación	CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:44
Observacións		Páxina	12/12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CF4dNpVcnYqUfBRgTl2vLA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

